



Concello de
Ortigueira



festival de
Ortigueira
área formativa



ESCOLA DE GAITAS
DE ORTIGUEIRA

CANCIONEIRO

DE CÁNTIGAS NOVAS DE ORTIGUEIRA 2025



<https://on.soundcloud.com/PxoV7lHEEAb547SwCC>



LABORATORIO
DE CÁNTIGAS
NOVAS

CÁNTIGAS NOVAS EN ORTIGUEIRA

Este documento recolle a creación lírica realizada polos/as artistas que colaboraron no Laboratorio de Cántigas Novas, dentro da programación do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, nunha serie de encontros creativos que tiveron lugar na Escola de Gaitas de Ortigueira, entre os meses de marzo e xullo de 2025, e que contou con mestrías de Ramón Pinheiro, Quique Peón, Alba María, Sue Garrido, Pedro Pascual e Alejandro Vargas, así como encontros etnográficos, conversas significativas e foliadas dentro da comunidade ortegana.

A comunidade de autores e autoras das cántigas novas que se presentan hoxe son: Jesús Arranz, Esteban Barcia, Cecilia Crespo, Uxío Dayán, Marisé Fernández, Nacho García, Sofía García, María Fuente, Óscar Górriz, Lidia India, Alexandre Labraña, Jose Javier Melgar, Hélio Miramontes, Ugia Pedreira, Estefanía Pérez, Celia Pía, Manuel Riveira, Eugenia Sanmartín, Sonia Uceira e Mira Johanna Wöllenstein.

Estas cancións xurden da visión inicial de que somos un pobo de poesía e música destacada, e temos sobradas razóns e recursos para continuar compoñendo a nosa poesía e lírica -de xeito individual e colectivo- para os nosos cantares e bailes, porque temos unha herdanza única e un futuro propio nas nosas mans. Os relatos que se contan nos seguintes versos beben de memorias persoais, de memorias comunitarias, do estudo da nosa música de tradición oral ou da exploración artística contemporánea. Durante estes 5 meses de convivio, mergullámonos na historia musical e colectiva da Galiza, no estudo da prosodia, os símbolos e o canto e bailes populares, para abrir camiños de volta a nós.

Queremos agradecer a todo o colectivo participante polo seu esforzo e ilusión constante, así como ao pobo de Ortigueira e as súas institucións: o Concello, a Escola de Gaitas, o Festival e a comunidade de Devesos, por darnos o chance e os recursos para facelo posible. Mandamos unha aperta especial de agradecemento ás veciñas e veciños de Ortigueira, especialmente a Sara Díaz, María Dolores e Rosario Bermúdez, a Fredi, Marías e a Piyayo, que nos ilustraron co seu saber, memoria e cantos e bailes.

A todas e todos, grazas de corazón.

Óscar Górriz e Ugia Pedreira.

En Ortigueira, a 12 de Xullo de 2025

SUITE VALSE

POEMA

Sonoras ondas, Cabo Ortegal!
Bicho da Barra, o Nordés.
Son, de ser, peixes no mergullo
acrobatas na popa do boniteiro.
Eu son como un cristal.

BALADA

Onde os botes bailan cas ondas,
no profundo o mar descansa,
No loureiro o vento ruxe,
na raiz o tempo agarda.

Retrouso (x2):

Cantei no norte, a favor do vento
rios de agua, memoria e silencio
canción incompleta, o sul no peito,
veño a Ortigueira cantar.

VALSE

Retrouso:

Ao mar non lle, importa se,
estou escoitando,
ao vento non, lle importa se,
eu estou mirando,
a choiva non, lle importa se,
eu estou chorando.
Ao mar non lle, importa se,
estou escoitando.

Zoa o vento nos piñeiros
asubía fronte o mar-e,
fala de mares e amores,
déixame frío ao pasar-e
Ailalelo, ailalá

Retrouso

O vento sopra por riba,
revolvendo as areas,
corazón tamén revolto,
ven e vai como as mareas
Ailalelo, ailalá

Retrouso (x2)

Pero a min si.

—

Autoría: Marisé Fernández, Sofía García,
Lidia India, Helio Miramontes, Estefanía
Pérez, Celia Pía, Manuel Riveira, Eugenia
Sanmartín, Sonia Uceira e Mira Wöllenstein
xunto coa comunidade do LAB.

ROMANCE DE SARUCA

*Queremos contar a historia
a historia de Sara Díaz
Saruca pra veciñanza
Lela para súas netiñas.*

*O seu pai era Manolo
a súa mai era Consuelo,
unha boa costureira
e un bon home labrego.*

*Cando Saruca era nena,
á mañá ía ao colexio,
á tarde cambiaba o conto
tiña que ir ao lindeiro.*

*Ian e viñan andando
de camiño para a festa
danzas, vales, pasodobles
bailaban todas as nenas.*

*Con vinte anos casou
con Suso de Zacarías
e tiveron sete fillos
nunha casa de Cuiña.*

*Rodando pedal e roda
preñada de cinco meses
levando na bicicleta
os seus cántaros de leite.*

*Criticávana as cuñadas
por levar os pantalós
logo todas o quixeron
foi moda en televisión.*

*De Cabalar a Sismundi,
tiñan que cruzar na lancha,
xa pasaba medio día
cando chegaban á praza.*

*Cando chegaban á praza,
muita paciencia che tiñan,
as señoras de Cariño
mui esixentes dicían:*

*Qué caras van as cireixas
qué repolos tan cativos!
Aquí non temos riló,
pero temos bos maridos!*

*Dín que nos picamos moito,
vaia cos nosos veciños!
Teñen os tres aguillóns
na lingua os de Cariño!*

*Sara, Sariña, Saruca
quen nos dera coma ela
unha muller ortegana
un espello para a aldea.*

—

Autoría: Jesús Arranz, Marisé Fernández,
Lidia India, Estefanía Pérez, Sonia Uceira e a
comunidade do LAB.

TRÍADA TRADICIONAL

CANTAR

*Ai! á túa silveira
quen lle dera dar laranxas
e non dar amargas moras.
que se perden na alborada.*

*Ai! mudan os tempos e as flores
muda todo ao meu redor-e
non mudan as minhas ganas
de abrirche o meu corazón-e*

XOTA

*Este cantariño vello
eche cousa inventada,
as meniñas de Ortigueira,
cántano de muiñada.*

*Ailalalalá, ailalalalá
Ailalalalala, ailalalalá*

*Non me busques entre olivos,
non me busques entre as pallas,
búscame por Santa Marta,
vou na ría, vou na praia.*

*Mociña que andas no baile,
olla de quen tes ao lado,
logo de bailar ó solto,
has de bailar o agarrado.*

*Imos da-la despedida
vai entrando a muiñeira,
unha vila tan fermosa
vale una foliada enteira.*

MUIÑEIRA CORRIDA

*Non me veñas con diplomas,
cousa que non necesito
sacame un punto moreno
quero bailar sen permiso.*

Volta

*Non me podes amarrare,
fago o que me gusta a min,
sabe Deus d'hoxe nun ano
a quen mais eu convencín.*

Volta

*Pra cabeza son os panos,
e os zoquiños para os pés,
e para me namorare
eses ollos que ti tes.*

Volta

*Vouvos da-la despedida
Por riba dunha palmeira,
Levo seis meses cantando
parece unha vida enteira.*

—

Autoría: Uxío Dayán, Marisé Fernández,
Sofía García, Lidia India, Estefanía Pérez,
Óscar Górriz, Mira Wöllenstein e a
comunidade do LAB.

NANA

*Bruma sonora, ruído xordo.
mutismo interno altera.
Son e silencio no meu colo
mentres o mundo envelena.*

ea ea ea

*Era de casa moderna
medrei nunha vilamorta
todo galego é de aldea
hei de regar esta horta.*

ea ea ea

Autoría: Jesús Arranz, Esteban Barcia,
Cecilia Crespo, e a comunidade do LAB.

MANEO

*Non quixen andar a ponte
crucei o río nadando
levo o cabelo mollado
|:hei de secalo bailando:|*

Retrouso:

*Crucei, crucei, o río a nadar
e á volta do baile, volvino cruzar
volvino cruzar, volvino cruzar,
Crucei, crucei, o río a nadar*

*Baixei á praza da vila
na procura dos teus ollos
e atopeinos enredados
|:no sorriso doutro mozo:|*

*Tárdame cruzar o río
lévame da túa man-e
e mollaremo-las pernas
|:que a ningúnén facemos mal-e:|*

*Se me ves bailar na ponte,
venme da-la despedida
voume para a ioutra beira
|:e non sei se volvería:|*

Autoría: Helio Miramontes, Mira Wöllenstein,
e a comunidade do LAB.

RUMBA

*Hai serán en Ortigueira,
viño, troula e alalás,
|:arremángate morena:|
Que hoxe as penas van bailar.
|:arremángate morena:|
que os males vas espantar.*

*A malla co mollo na pedra,
a malla co mollo na pedra,
a malla co mollo, na pedra.*

*Ai! a boneca era grande,
ai! a boneca era negra,
ai! a boneca era grande,
ai! a boneca era nena.*

*Viva o son das nosas voces
cómo nos gusta cantar
|:e cantando imos pra casa,
e cantando imos pra casa,
cerca de pola mañá.:|*

*A malla co mollo na pedra,
a malla co mollo na pedra,
a malla co mollo, na pedra.*


*Ai! a boneca era grande,
ai! a boneca era negra,
ai! a boneca era grande,
ai! a boneca era nena.*

—

Autoría: Lidia India, Eugenia Sanmartín e
Mira Wöllenstein, coa colaboración da
comunidade do LAB.


Balada Valse Lab

flauta
violín



SO - NO-RAS ON-DAS CA-BO OR-TE-GAL BI-CHO DA BA-RR A O NOR - DÉS SON DE SER

voz



PEI-XE NO MER-GU-LLO A-CRÓ-BA-TAS NA PO-PA DO BO-NI- TEI__ RO EU SON COMA UN CRIS-TAL



ai la la la ai la la ai la la ON - DE OS BO - TES BAI-LAN CAS



ON-DAS NO PRO-FUN - DO O MAR DES - CAN - SA NO LOU - REI - RO O VEN-TO RU - XE



NA RA - ÍZ O TEM - PO A-GAR - DA CAN - TEI NO NOR - TE A FA-VOR DO VEN - TO



RÍ - OS DE AU GA ME- MO RIA É SI LEN CIO CAN - CIÓN IN-COM PLE - TA O SUL NO



PEI - TO VE-ŃO A OR-TI GUEI - RA A CAN TAR CAN - AO MAR NO LLE
AO VEN - TO NON
A CHOI-VA NON
AO MAR NON LLE



IM - POR-TA SE ES - TOU ES - COI - TAN - DO ZO-A O VEN - TO

LLE IM-POR-TA SE EU ES - TOU MI - RAN - DO

LLE IM-POR-TA SE EU ME ES-TOU MO - LLAN - DO



IM - POR-TA SE E ES - TOU ES - COI - TAN - DO NOS PI - ÑEI - ROS A - SU - BÍ - A FRON - TE O MA - RE FA - LA DE

69

Voz

Romance de Sara Díaz

Letra: Lidia India, Estefanía Yáñez e Jesús Arranz

A ♩. = 80

Melodía de copla



1. Que-re-mos con-tar a his-to-ria.

A his-to-ria de Sa-ra Dí-az:

Sa-ru-ca prá ve-ci-

2. O seupai e-ra Ma-no-lo

e a sú-a nai Con-sue-lo,

u-nha bo-a cos-tu-

3. Can-do Sa-ru-cae-ra ne-na

á ma-ñá í-aao co-le-xio,

á tar-de cam-bia-bao


B

6

1.

2.

Melodía instrumental



-ñan-za, Le-la pa-rasuas ne-ti-ñas.

-rei-ra e un bon ho-me la-bre-go.

con-to: ti-ña que ir o lin-dei-ro.

12



Cantar_Xota_Muiñeira Lab

Cantar

6

A - I! A TU - A SIL - VE I - RA QUEN LLE DE - RA DAR LA - RA - N -
MU - DAN OS TEM-POS IAS FLO - RES MU - DA TO-DO O MEU RE- DO -

12

XAS E NON DAR A-MAR-GAS MO RAS QUE SE PER - DEN NA AL-BO
- RE NON MU - DAN AS MI - ÑAS GA - NAS DE A BRIR CHE O MEU CO - RA

17

RA DA AI! A - LA - LA LA AI! A - LA LA AI! A - LA - LA
ZÓN É AI! A - LA - LA LA AI! A - LA LA AI! A - LA - LA

Xota

21

AI! A LA LA AI! A LA LA
ES - TE CAN - TA - RI - ÑO VE - LLO E - CHE
NON ME BUS-QUES EN-TRE O LI - VOS NON ME
MO - CI - ÑA QUE AN-DAS - NO BAI - LE O - LLA
I - MOS DA - LA DES- PE - DI - DA VAI EN-

25

COU - SA IN - VEN - TA DA AS ME - NI - ÑAS DE OR-TI - GUEI - RA CAN - TA -
BUS - QUES EN - TRE AS PA LLAS BÚS-CA-ME POR SAN-TA MAR - TA VOU NA
DE QUEN TES AO LA DO LO - GO DE BAI - LAR Ó SOL - TO, HAS DE
TRAN-DO A MUI ÑEI RA UN - HA VI - LA TAN FER - MO - SA VA - LE UN

30

NO DE MU - I ÑA DA ÑA DA AI - A LA - LA - LA AI - A LA LA LA AI A
RÍ - A VOU NA PRA IA PRA IA AI - A LA - LA - LA AI - A LA LA LA AI A
BAI-LAR O A - GA - RRA DO RRA - DO AI - A LA - LA - LA ...
HA FO-LIA-DA EN TEI - RA TEI - RA AI - A LA LA LA...

Muiñeira

30

LA LA LA A AI LA AI LA LA AI A
LA LA LA A AI LA AI LA LA AI A

41 

SEN PER - MI SO_____

D. cal 

QUE-RO BAI-LAR SEN PER - MI__ SO AI - LA LE__ LO AI LA LA__ LA

VOLTA

VOLTA

VOLTA

Vouvos da-la despedida
por riba dunha palmeira,
levo seis meses cantando
parece unha vida enteira.

NANA

Esteban Barcia, Cecilia Crespo, Jesús Arranz e a comunidade do LAB 2.025

A

Ad libitum

1. Bruma so - no - ra, ruí - do xor - do. Mu - tis-mo in-ter - no al-te -

5

-ra. Son e si - len-cio no meu co - lo men-tres o mun-do en - ve-le - na.

B

$\text{♩} = 110$

E - a e - a e - a. E - a e - a e - a. E - a

A2

Ad libitum

e - a e - a. E - ra de ca - sa mo - der - na. Me

26

drei nu-nha vi - la mor - ta. To-do ga - le-go é de al - de - a. Hei de re-gar es-ta

B

$\text{♩} = 110$

hor - ta. E - a e - a e - a. E - a e - a e - a.

40

E - a e - a e - a.

Maneo

LAB de Cántigas Novas

INTRO

D⁵

Voz

Melos

Harmonía

Perc

etc -----

COPLA

9 D⁵

Voz

Melo

Harm

Non qui-xen an-dar a pon-te cru-cei o rí-o na-dan do,

18 D⁵

Melo

Harm

Le-vo o ca-be-lo mo-

25

Voz

Melo

Harm

lla - do hei de se - ca - lo bai - lan.do hei de se - ca - lo bai -

/D /E /F Gm

33

Voz

Melo

Harm

lan - do ai la la la ai a la la

Am Bb C G5

VOLTA

41

Voz

Melo

Harm

Cru - cei cru - cei o rí - o a na - dar e á vol - ta do bai - le vol - vi - no a cru - zar, vol -

Dm Dm9/C Bb Gm7 Am7 Dm7

50 Dm Dm(maj7)/C# Dm7/C G/B Gm/Bb Am7

Voz

vi - no a cru - zar, vol - vi - no a cru - zar, cru - cei cru - cei o rí o a na -

Harm

PONTE

57 Dm7(add9) /E /F G⁶ /F /E /C Dm7(add9) /E /F G⁶

Voz

dar.

Harm

Instrumental

71 /F /E /C D.S. Dm7(add9) /E /F G⁶

Melo

D.S.

Harm

1.- Non quixen andar a ponte
crucei o río nadando,
levo o cabelo mollado,
//: hei de secalo bailando ://
ai la la la ai a la la

Crucei crucei
o río a nadar
e á volta do baile
volvino a cruzar,
//: volvino a cruzar ://
crucei crucei
o río a nadar.

2.- Baixei a praza da vila
na procura dos teus ollos,
atopeinos enredados
//: no sorriso doutro mozo ://
ai la la la ai a la la

Crucei ...

3.- Tárdame cruzar o río
lévame da túa man-e,
e mollaremos as pernas
//: que a ninguén facemos mal-e ://
ai la la la ai a la la

Crucei ...

4.- Se me ves bailar na ponte
venme da-la despedida,
voume para a ioutra beira
//: e non sei se volvería ://
ai la la la ai a la la




Crucei ...


ESTRUTURA:

- ▶ **INTRO**
- ▶ **COPLA 1**
VOLTA
PONTE sen melodía
- ▶ **COPLA 2**
VOLTA
PONTE con melodía x2
- ▶ **COPLA 3**
VOLTA
PONTE con melodía x2
- ▶ **COPLA 4 (Despedida)**
VOLTA con bordón en D5
VOLTA x2 + **PONTE** con melodía x2
- ▶ **FINE**

RUMBA LAB

Vite





*No último retrouso faise uso entre verso e verso da fraseoloxía de Ortigueira e Cariño ao modo da música cubana

Caparon a Bartolo!
Vai cantar Karina!
Os de Cariño non teñen riló
Ai! De quen cruce a palmeira!
Sauda ao tren!
Dicen que vai abrir
La mar mi coma
...